



### **BASES DA VI FEIRA TRADICIONAL DE CALDAS DE REIS**

1. A feira tradicional organizada polo Concello de Caldas de Reis terá lugar os **días 12 e 13 de agosto de 2017 ( o día 12 está adicada os mais pequenos)**, e desenvolverase no Xardín e Carballeira de Caldas de Reis. A ambientación será a dunha feira tradicional galega de finais do século XIX e principio do século XX.
2. Poderán solicitar un posto na feira as Asociacións e grupos particulares do Concello de Caldas de Reis. A maiores, artesáns, postos gastronómicos e comercio doutros lugares de procedencia (“mercadorías destinadas á venda ou exposición pouco ou nada transformados”). Non se permitirán vender produtos distintos dos que consten na solicitude.
3. Os postos poderán ser aportados polo solicitante que deberán de respectar as normas para a súa ambientación que se especifican no punto nº 14 destas bases; ou ser solicitados á organización. A ambientación non é a dun mercado medieval. A ambientación dun mercado de principios de século é mais austera. Só se permitirá o uso de plásticos no caso de choiva.
4. Os artesáns e Asociacións que teñan postos, deberán ir vestid@s de acordo á época na que se ambienta a Feira. Aqueles postos que teñan necesidades especiais (luz, auga ou calquera outras) deberán comunicalo na solicitude á organización.
5. Os postos que desexen realizar **obradoiros ou demostracións deberán comunicalo na solicitude** (Tipo de actividade, destinatarios, duración e prezo).
6. @s participantes asumen a responsabilidade sobre o produto exposto na Feira en todo momento.
7. As asociacións, grupos ou persoas interesadas en participar deberán presentar a seguinte documentación:
  - Solicitude debidamente cuberta (anexo I)
  - Fotocopia do DNI da persoa que solicita
  - Teléfono de contacto



- Copia do carné de manipulador de alimentos, caso dos postos de alimentación

Engadir para os postos de artesanía:

- Copia da carta de artesán/á ou similar.( si a tivese)
- Memoria explicativa da técnica de traballo empregada.

8. **Presentación das solicitudes:** As solicitudes poderán ser presentadas por correo electrónico no seguinte enderezo: [ssociais@caldasdereis.com](mailto:ssociais@caldasdereis.com), por correo ordinario ( Concello de Caldas de Reis, rúa Ferrería nº 1, 36650, Caldas de Reis) ou persoalmente no rexistro do Concello. O prazo para presentar solicitudes estará aberto desde o **01 de xuño** ata o **31 de xullo de 2017** ambos inclusive. Unha vez recibida a solicitude comunicaráselle ás persoas solicitantes a súa admisión no prazo máximo dunha semana. **O número de postos habilitados nesta edición é de 66.** No caso de renuncia @ participante deberá comunicalo á organización o antes posible para así poder cubrir a praza coa lista de agarda.

9. A organización reservase o dereito da distribución dos stands das asociacións, grupos ou particulares e artesáns en función de: Os produtos de venda e as súas características, a orden da solicitude, a estética etc. A decisión da organización non será susceptible de recurso. Ningún posto poderá ser cambiado do lugar asignado pola organización sen consentimento previo.

10. A montaxe dos postos deberá realizarse o domingo 13 de agosto de 7:00 a 10:30 da mañá. A esa hora da mañá os postos deberán estar perfectamente montados e ningún vehículo poderá circular pola zona.

11. O horario de apertura da Feira é o seguinte:

- ✓ De 11:00 a 22:00 horas



- ✓ Non se poderá desmontar o posto da feira ata as 21.00 horas, aqueles que así o fagan sen previa xustificación perderán o dereito a participar na seguinte edición.

12. A participación na Feira é gratuíta para os postos aceptados. *No obstante, poderán contribuír os que así o desexen, cun produto ou mercadoría, para engadir á “Cestas do Trabuco” que se sortearán en varias horas ao longo da Feira.*

13. A asistencia deberá ser confirmada antes do día 7 de agosto de 2017.

14. Normas de ambientación:

- Os postos poden estar realizados en **cana, breixo ou madeira**, podendo ser, non se admiten estruturas **metálicas á vista**. A madeira presentará un aspecto natural, sen tratar, como a da época. Pode cubrirse o material que se precise e non cumpra a normativa con: telas, sacos, palla, etc. aportados polos propios participantes. Non se poderán poñer parasoles que non sexan de madeira e tea clara, non se admiten as rotuladas.
- Os participantes deberán ir vestid@s de acordo á época na que se ambienta a Feira. Non se poden empregar tecidos sintéticos e as cores deben de ser apagadas, xa que as tinguiduras que estaban ao alcance da poboación rural daquela época non permitían cores moi estridentes e moi fortes. Predominaban cores coma os negros, grises, marróns, beixes, brancos, verdes escuros ou apagados e tecidos de tipo algodón, liño ou tergal.
- Os homes adoitaban vestir con traxe mais ou menos raído, garabata e boina, tanto para as labores cotiás como nun día de festa, polo que ademais podían levar sombreiro. A roupa das mulleres marcaba moito a cintura e o busto, para ensancharse logo na cadeira, pero ían tapadas ata o pescozo, nos nocellos e nos pulsos. O pelo recollíase en moños de rosca altos ou unha trenza á espalda ou atavíos rústicos cubertos cun pano. Na época non se levaban as sisas.



- A cada persoa que acuda á feira vestida de acordo ás normas de ambientación, na entrada váiselle a facer entrega dun boleto **"O TRABUCO"**, que lle dará opción a entrar nos sorteos.

15. A participación na Feira implica a aceptación destas bases. O incumprimento dalgunha delas por parte dos participantes suporá a expulsión inmediata da mesma.

16. A participación na Feira rexeráse por rigorosa orde de inscrición.

Caldas de Reis a 24 de maio de 2017